


# A organización da localidade

## 6. Une mediante frechas as palabras coas súas definicións.

- |                             |  |
|-----------------------------|--|
| Concello. •                 | • Traballan no mantemento da cidade.                         |
| Alcalde. •                  | • Son elixidos polos veciños cada catro anos.                |
| Concelleiros. •             | • É elixido polos concelleiros e goberna o Concello.         |
| Traballadores municipais. • | • Goberna sobre un territorio e organiza o seu funcionamento |

## 4. A participación cidadá é fundamental no bo funcionamento dunha localidade. Marca como poden participar os habitantes dunha localidade no seu goberno.

- Votando nas eleccións municipais para elixir os concelleiros.
- Limpando o concello nos días festivos.
- Acudindo aos plenos municipais.
- Organizando o labor dos traballadores municipais.
- Pagando os impostos municipais.
- Dicíndolle ao alcalde o que ten que facer.



**6** Escribe **V** se estas oracións son verdadeiras e **F** se son falsas.

- Unha localidade é o conxunto de edificios, de rúas e de prazas onde viven as persoas. Segundo o seu número de habitantes, poden ser cidades ou vilas.
  - Nas cidades, as casas son máis baixas e as rúas máis curtas.
  - As cidades e as vilas, se son suficientemente grandes, divídense en barrios.
  - Nas vilas hai menos medios de transporte colectivo ca nas cidades.
  - Nas localidades máis pequenas a poboación adoita traballar ofrecendo servizos.
  - Un municipio é un territorio formado por unha ou varias localidades sobre o cal goberna un concello.
  - No concello só traballan o alcalde e os concelleiros.
  - Os traballadores municipais traballan no concello e desempeñan tarefas necesarias para o bo funcionamento da localidade.
  - O goberno do concello está formado polo alcalde e polos concelleiros.
  - O alcalde e os concelleiros toman decisións sobre a localidade.
-